



D/8

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **8 DE MAIO DE 2017**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2017, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2016.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2016 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2016, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 19/01/2017 e publicadas no B.O.P. o día 13/02/2017, cunha consignación por importe total de 30.000,00 €. Así como dáse conta dos informes da Sra. interventora/delegada de cada unha das solicitudes presentadas.

Procédese a examinar os expedientes e as xustificacións presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, producíndose un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar a concesión a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 28.245,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

<b>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	400,00 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. ITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA	700,00 €

- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXI TORNEO AROUSA F-7	10.000,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	. XXI VILAGARCÍA BASKET CUP	5.000,00 €
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. II TORNEO ENCESTARÍAS	5.600,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XIII MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.800,00 €
- CLUB CICLISTA XIABRE	. XXI MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ	700,00 €
- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA	. I CTO. BENÉFICO KILL PIG CIDADE DE VILAGARCÍA	800,00 €
- CLUB AROSA, S.C.	. V TORNEO F-8 CIDADE VILAG.	1.245,00 €

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, polos seguintes motivos:

- CLUB DEPORTIVO BAMIO, para a organización do TORNEO FÚTBOL 7 BAMIO dado que incumpre un dos requisitos para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, conforme as bases que regulan as subvencións de Actividades Deportivas Extraordinarias e a Lei de Subvencións.

MOTOCLUB 36600, para a organización da XVI CONCENTRACIÓN MOTOS, ano 2016 , conforme ao informe do Sr. director Deportivo, ao ser considerado un evento de carácter turístico, sen ningunha proba competitiva de carácter deportivo.

3.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan toda a documentación xustificativa correcta, con cargo á partida 341-483,01.

<b>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
- BASKET BASE CLUB	. DÍA DO MINIBASKET	400,00 €
- AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. ITROFEO ATLETISMO CIDADE DE VILAGARCÍA	700,00 €
- ASOC. DEP. AROUSA FÚTBOL-7	. XXI TORNEO AROUSA F-7	10.000,00 €
- CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	. XXI VILAGARCÍA BASKET CUP	5.000,00 €
- ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. II TORNEO ENCESTARÍAS	5.600,00 €
- AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XIII MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	3.800,00 €
- CLUB CICLISTA XIABRE	. XXI MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ	700,00 €



- AGRUPACIÓN DEP. E CULT. RASPA . I CTO. BENÉFICO KILL PIG 800,00 €  
CIDADE DE VILAGARCÍA
- CLUB AROSA, S.C. . V TORNEO F-8 CIDADE VILAG. 958,65 €

4.- Anular parte da subvención concedida ao Club Arosa, S.C., para a organización do V TORNEO F-8 CIDADE VILAGARCÍA, por importe de 286,35 €, conforme ao artigo 6.2 a das devanditas bases, que dí literalmente o seguinte: “6.2 a.- Para a xustificación da subvención será necesario a presentación da totalidade das facturas ata completar o 100% do balance económico presentado na súa solicitude do evento subvencionado, para recibir a totalidade da subvención, requeríndose a xustificación do pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.”

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a once de maio de dous mil dezasete.



